

Como se indica noutros tutoriais, Ardora precisa, para o correcto funcionamento dos contidos elaborados con el, dun navegador recente que cumpra o estándar do HTML5 e CSS3, dado que son varios os usuarios de Ardora que usan Ubuntu 10.04 (ou os seus derivados) e a consideran como a mellor versión de Ubuntu explicaremos aquí como actualizar o navegador firefox neste sistema operativo a unha versión “máis recente”, debido a que a derradeira versión que se pode obter dos repositorios oficiais deste navegador é a 20.0

Pasos a seguir:

**1-Baixamos a versión correspondente** de Firefox na súa páxina de descargas

<https://ftp.mozilla.org/pub/mozilla.org/firefox/releases>

É suficiente a versión 31.0. (ou unha superior) Para 32bits, escollemos **linux-i686**. Obteremos un arquivo `firefox-31.0.tar.bz2` que descomprimiremos, obtendo a carpeta `firefox`



firefox



firefox-31.0.tar.bz2

**2- Empregamos a consola (terminal).** Abrimos a consola a escribimos `sudo nautilus`. Deste xeito abrírase unha nova ventana na que traballaremos como administradores, con permisos para crear e eliminar arquivos, polo que debemos ter sentidoño.

No sistema de arquivos atoparemos a carpeta `opt`. A esta carpeta temos que trasladar a nova carpeta de `firefox`. Dentro dela observaremos o arquivo `firefox`, do que co botón dereito deberemos facer unha ligazón ou enlace.



Enlace hacia firefox



firefox

**3-Desprazámonos agora á carpeta `usr/bin`.** Alí buscamos o lanzador (arquivo) `firefox` que deberemos renomear a `firefox20`. Dende a carpeta `opt/firefox` trasladamos ata `usr/bin` a ligazón que antes fixemos de `firefox` e renomeámolo como `firefox`.

Debería quedarnos algo así:



firefox



firefox20

Se abrimos agora `firefox`, podemos comprobar que xa estamos na nova versión 31.0

Poderíamos actualizar incluso á versión **firefox 34.0**, pero depende da máquina que teñamos, podería ir algo lenta.